

BASES

Nos maios tradicionais, con coplas, poderán participar todos os grupos que se inscriban, na Casa do Concello, antes das 14.00 h do 27 de abril. Os integrantes destes maios serán como mínimo seis persoas e poderán ser: homes, mulleres ou grupos mixtos. No intre da inscrición presentaranse dúas copias das coplas, xunto cunha solicitude co nome, DNI, teléfono e enderezo do representante.

Todos os maios participantes serán obsequiados cunha rosca e deberán presentarse, ao xurado, antes das 11.55 h na praza do Corgo. O concurso comezará ás 12.00 h e a partir dese intre non poderán participar máis maios no concurso.

Haberá un xurado presidido polo concelleiro de Cultura, e composto por un concelleiro de cada un dos grupos municipais do Concello, ou por quen deleguen, ademais de dúas persoas con coñecementos na Festa dos Maios. Un representante da comisión organizadora da festa actuará como secretario –sen dereito a voto– e redactará a acta do acordado. O xurado poderá deixar deserto algún dos premios, se o considera oportuno, e emitirá o seu ditame, que será inapelable, coa suma das puntuacións dos seus membros. Os membros do xurado, para emitir as súas puntuacións, terán en conta os seguintes criterios:

A armazón dos maios tradicionais será de madeira e só poderán quedar visibles os pés e as andas. A coroa, no caso de presentarse, non deixará ver os materiais da estrutura, e poderá presentarse como remate do maio ou en estrutura aparte.

O emprego de produtos tradicionais na confección dos maios: fiúncho, laranxas, cascas de ovos, margaridas, calas etc. Penalizarase o uso de materiais non tradicionais. Valorarase a uniformidade do manto do fiúncho, a distribución dos adornos, a composición das formas etc.

O emprego de instrumentos de acompañamento típicos: palitroques ou estadullos.

A calidade, interpretación, composición e retranscrición das coplas, que terán versos de catro estrofas, nos que rimará a 2.^a coa 4.^a. Penalizarase o uso de palabras malsoantes e de coplas non orixinais. Os maios artísticos e os tradicionais sen coplas non teñen que inscribirse, e as formas, tamaños, figuras, idade, número de participantes, etc. serán libres, pero os materiais empregados serán os típicos dos maios.

As letras dos maios premiados poderán ser publicadas polo Concello do Grove, citando a súa procedencia, e os seus autores non terán dereito a ningunha compensación económica.

A orde de actuación dos maios farase por sorteo, antes do comezo das interpretacións, e, tras a entrega dos premios, o maio gañador realizará unha nova interpretación.

A participación no concurso supón a aceptación destas bases.

O Grove, 20 de abril de 2012

Coa recuperación da Festa dos Maios, no ano 2000 tentouse dar un paso máis no recoñecemento de que somos quen somos e de que asumimos o legado da nosa cultura tradicional, de xeito sobranceiro a campesiño.

Todas as persoas que nestes anos traballastes de arreo para sacar adiante esta festa de exaltación do florecemento da natureza tedes gañado un lugar ao lado dos bos e xenerosos que vos antecederon en manter vivo o lume que alampea ao longo do camiño da recuperación das nosas tradicións, e grazas aos vosos maios non se apagará nunca. Agora, cos vosos traballos, tedes que expandila e conservala no tempo, para que os nosos devanceiros vexan que non hai portas nin fiestras pechadas, nin muros, nin atrancos que vos impidan amosar o voso amor pola cultura e as tradicións que nos son propias.

Miguel Ángel Pérez García
Alcalde do Grove

RELACIÓN DE PREMIOS	
MAIOS TRADICIONAIS	COPLAS E INTERPRETACIÓN
1º Premio 100 Euros	1º Premio 100 Euros
2º Premio 75 Euros	2º Premio 75 Euros
3º Premio 50 Euros	3º Premio 50 Euros
MAIOS ARTÍSTICOS	
1º Premio 100 Euros	
2º Premio 75 Euros	
3º Premio 50 Euros	
PREMIO ESPECIAL PARA CENTROS ESCOLARES 150 Euros	

Festa dos Maios



A FESTA DOS MAIOS

A dos maios é unha festa cíclica e nela celébrase, fundamentalmente, a fertilidade, tanto da terra coma do ser humano. A súa orixe e procedencia é descoñecida, pero as coincidencias entre esta celebración e outras de Centroeuropa levou os estudosos na materia a tentar explicala. Na súa orixe, que puidese estar no derradeiro período do Neolítico da Prehistoria, o chamado Madaleniano, non se poñen de acordo os distintos estudosos do tema, e mentres uns defenden o Celtismo, como por exemplo **José Filgueira Valverde**, **Vicente Risco**, **Florentino López Cuevillas** e **Manuel Murguía** (aínda que este non desbotaba o culto á deusa romana da agricultura Ceres); outros defenden a influencia do mundo clásico grecorromano, como **Fermin Bouza-Brey**, **Celso García de la Riega**, **Lois Tobío Campos** e o etnomusicólogo **J. Inzenga**.

A Igrexa (apoiada polas autoridades civís), como sucedeu con outras celebracións pagás, tentou prohibir esta festa. Como non puideron suprimila pola súa fonda arráigame popular, adaptárona ao calendario cristián. Os maios pasaron a ser a celebración da Santa Cruz, e a Igrexa acabou convertendo maio (de moitas celebracións pagás), no mes da virxe María.

En Galicia atópanse ata catro diferentes tipos de maios:

□ **1.º Maios-ramos ou ramos de maio.** Tense pola manifestación máis sinxela dos maios e consistía en recitar cantigas tradicionais, e en agasallarlle cun ramo de flores a quen daba un aguinaldo. Con seguridade facíanse en Queiroga (Lugo), Riós (Ourense) e mesmo se practicaban moi preto de aquí, en concreto, en Cambados.

□ **2.º Maios humanos ou viventes.** Eran persoas, normalmente nenos, cubertas con pólas e follas que adornaban con flores. Ás súas cantigas fáltales crítica e basicamente cantan a eclosión primaveral e piden a cambio maiolas (castañas). Algúns deles rematan a súa vestimenta cunha cruz sobre a cabeza en sinal de estaren cristianizados. Na man acostuman levar un pau para defenderse e non deixar que lles rouben as maiolas outros nenos. Habíaos en Portomarín (onde aínda seguen vivos) Santiago, Ribadeo, Viveiro, Monforte de Lemos, Porto do Son etc.


□ **3.º Maios figurados.** Diferéncianse dos outros en que o maio é unha figura, normalmente, piramiforme ou coniforme. Hainos doutros tipos: coroaas, cruces, caixas (da froita adomadas e levadas por cativos) e os que imitan figuras humanas ou construcións (destacan os de Ourense). A forma piramidal ou cónica levou os investigadores a identificaren estas formas, cóncavas-convexas, co concepto do principio e fin da vida. Os maios figurados fanse cunha estrutura de madeira recuberta con fento, flores, ovos, laranxas etc.. Nos grandes maios cónicos, en que o solista se introduce no maio para recitar, os rapaces dan voltas ao redor del cantando as coplas e levando o ritmo cuns paus. Son os máis estendidos e celébranse en Pontevedra (no seu museo hai coplas desde 1870), Ourense, Vilagarcía, Vilanova, Poio etc. Os barcos de maio son maios figurados, pero diferéncianse destes en que son pequenas embarcacións feitas de paus e cartóns e adornadas con bandeiriñas; póñense nun carro e son tirados por nenos. Son de pobos mariñeiros, e noutros tempos posiblemente se empregasen barcas auténticas. Hainos en Marín, Vilagarcía etc.

□ **4.º As maias.** Facíanas as nenas nas cidades. Eran de dous tipos: pagás, nas que non había nada relacionado co cristianismo (demostración da súa antigüidade), e cristiás, que tamén facían uso das flores, pero as coplas, adornos etc. estaban impregnadas do cristianismo. Adoitaban montar un altar nunha praza e solicitar diñeiro para algún santo, ou percorrían as rúas cuns arcos florais recollendo os aguinaldos.

CONSTRUCCIÓN DUN MAIO

- A tradición dinos que na construción dun maio tradicional non debemos empregar materiais que non sexan naturais, aínda que hoxe se adoitan empregar puntas, por mor de lle dar maior solidez e consistencia.
- Os materiais usados para elaboralo son: laranxas acedas ou bravas, fiúncho, xestas, pampillos, margaridas e rosas silvestres, cascas de ovos, calas, camelias, carrabouxos etc.
- A estrutura dos maios artísticos está en función da súa forma (cruces, construcións, figuras humanas, barcos etc.). A continuación, indicamos como facer os tradicionais:

- ❖ Con 4 varas faise unha estrutura piramidal de base cadrada, de 1 m de base por 2 m de altura. A 20 cm do chan colócanse dúas varas horizontais paralelas que fan de andas. Para unir os paus utilizábanse vimbias ou cordeis, pero agora adóitase utilizar puntas.
- ❖ Coa estrutura feita, colócanse aros de barril (un dos poucos materiais non naturais que se deben utilizar) atados ás varas. Os aros deben dividir a estrutura en segmentos semellantes. É recomendable que o primeiro aro vaia asentado enriba das andas.
- ❖ A continuación, temos que cubrir toda a estrutura utilizando algún destes materiais: canas, tea de saco ou sacos vellos de tea (non de plástico). Cando acabamos de facer esta parte, a estrutura debe ter unha forma cónica ou piramidal perfecta.
- ❖ Unha vez rematada a estrutura, comezamos a cubrila con capas de fiúncho ou de xestas. As capas átanse, con cordel e non con sedela, á estrutura, e vanse colocando unhas enriba das outras, a xeito de tellas dun tellado e comezando de abaixo arriba.
- ❖ Despois enfiáanse nun cordel as laranxas, pampillos, margaridas, ovos e carrabouxos. As fitas dos adornos vanse colocando sobre o maio facendo roda, onda, zigzag ou outras figuras, segundo o gusto de cada quen. Para rematar, despois de cortarlles os talos, colócanse as calas ou cartuchos, as camelias e as rosas silvestres. Unha vez rematado o maio, soamente quedarán visibles da estrutura as andas e o comezo das patas.
- ❖ As coroaas poden ir rematando o maio e formando parte del, ou separadas, enriba dun pau longo e levadas por un rapaz dos do maio. A estrutura faise con vimbias e fanse distintos tipos de figuras: vexetais, xeométricas ou artísticas. As coroaas cóbrense con flores.



COPLAS E INTERPRETACIÓN

- As coplas do maio están compostas, normalmente (aínda que as hai doutros tipos), por estrofas de catro versos que teñen estrutura de romance, ou sexa, versos octosílabos de rima asonante os pares e libre os impares.
- Das distintas estrofas das coplas, na primeira faise a presentación do maio, comentando o motivo do nome e de onde procede (barrio, rúa, colexio, vila etc.).
- Logo, case sempre, faise un canto á eclosión primaveral, falando das flores, dos paxaros, das bolboretas etc.
- Máis tarde, pásase a facer un relato dos traballos pasados para facer o maio, nomeando as persoas e os lugares por onde se pasou, unhas veces tranquilamente e outras fuxindo dos cans e dos paus dos donos dos lugares onde se “recolleron” os materiais para facer o maio.
- Segue criticando personaxes populares ou acontecementos do lugar. A crítica non debe ser directa nin conter palabras malsoantes; a retranca é unha arte. As mellores críticas son aquelas que non dan o nome da persoa criticada, pero que deixan ver a quen se refiren.
- Despois, pídense cousas, case sempre ao público que presencia a actuación ou ao tribunal que fai de xulgado no concurso.
- As actuacións dos maios adoitan rematar coa despedida ata o ano seguinte e as grazas aos presentes pola atención recibida.
- Para preparar o maio, xúntanse un fato de rapaces veciños do barrio ou compañeiros do colexio ou do instituto. Teñen que inventar as coplas, que deben ser orixinais e en galego. Poden pedirlle axuda a algún poeta ou profesor, pero mellor é que as fagan eles.
- Se non saben a música, poden falar cun profesor de música ou con algún músico profesional para que lles axude a aprendela.
- Os membros dos maios acostuman ser entre seis e doce e, á hora de interpretalos, nos maios cónicos ou tradicionais, o solista, que é quen ten a mellor voz, introdúcese no maio e desde alí recita as súas estrofas. Mentres o solista actúa, os demais están parados ao redor do maio cuns paus redondos (duns 40 cm) nos ombreiros.
- Cando remata o solista, os seus compañeiros, batendo os paus, repiten a copla, pero cun ritmo máis rápido e, ao remataren, fican de novo parados. Teñen que ensaiar moito, pero o solista, se non sabe todas as estrofas, pode ilas lendo desde dentro do maio.
- As coplas pódense imprimir, nunha imprenta ou nunha fotocopiadora, e despois vendelas (como se fai coas historias do Entroido). As casas comerciais da nosa vila axudan economicamente se a cambio se pon a súa publicidade nas coplas.

